

## CONSIDERACIÓNS ARREDOR DO GALEGO NO INTERIOR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

*Xosé Soto Andión  
Ana Vidal Meixón<sup>1</sup>  
Santiago de Compostela*

### 1. Introducción

#### 1.1. Presentación

Esta comunicación ten como obxecto de estudio a análise do contacto de linguas entre galego e castelán, coas súas consecuencias nas actitudes, usos lingüísticos e no empobrecemento do galego, en falantes dos concellos pontevedreses de Forcarei e Cotobade.

Forcarei e Cotobade son dous concellos do interior da provincia de Pontevedra que lindan polo sudoeste. Presentan unha poboación aproximada de 5700 habitantes cada un, distribuídos en trece parroquias respectivamente. Nestes concellos a taxa de mortalidade supera á de natalidade, o que orixina un envellecemento da poboación e unha redución paulatina dos seus habitantes, acentuada ademais pola emigración interior cara á costa –Pontevedra e Vigo fundamentalmente.

A economía da zona está baseada no sector da construción e no agrícola, con tendencia ó abandono deste último.

#### 1.2. Metodoloxía

O traballo que presentamos está baseado nun corpus de textos orais de contido fundamentalmente etnográfico. As gravacións foron realizadas a falantes de tódalas idades dos concellos arriba mencionados; isto completouse con anotacións e preguntas directas ós informantes acerca das súas actitudes, competencias e usos lingüísticos. As entrevistas foron feitas individualmente ou en grupos de dous nunha situación e nun contexto de carácter informal. As profesións dos falantes son dispares, van dende labregos e albaneis ata estudantes universitarios e diplomados.

Os informantes foron divididos en tres grupos de idade: *xeración vella (XV)* na que están aquelas persoas de máis de 59 anos, *xeración intermedia (XI)* con falantes entre 35 e 59 anos de idade, e *xeración nova (XN)* que inclúe persoas de menos de 34 anos. Deste xeito, obtivemos un total de 73 informantes; deles 30 pertencen á xeración vella –son os falantes que máis se encontran no traballo de campo–, 21 son da xeración intermedia e 22 da xeración

nova. A maioría das veces os sectores vello e intermedio xuntámoslos nun único grupo (*xeración vella e intermedia*) posto que as respostas que daban e os datos que amosaban eran, na maior parte dos casos, semellantes. Deste modo, o contraste de datos lingüísticos case sempre o establecemos entre falantes da *xeración vella e intermedia* e falantes *novos*. Con isto aforrábase espazo e evitábase a reiteración de moitos deses datos.

Dende o punto de vista do lugar de residencia dos falantes, a zona estudiada é eminentemente rural con algún núcleo de poboación de carácter semiurbano ou vilego, como é o caso de Forcarei e Soutelo, que posúen beirarrúas, bancos, cafeterías, discotecas, casa de xuventude, polideportivo e instituto. Por esta causa, cando os datos lingüísticos o demandaban estableceuse unha distinción entre *falantes da vila* –Forcarei e Soutelo– e *falantes do rural* –as aldeas propiamente ditas.

Cando as cifras porcentuais dadas para o grupo *xeración vella e intermedia* ascenden ou descenden por causa dun dos sectores máis ca do outro indícase na análise que se fai das respostas, así por exemplo se a aceptabilidade da gheada é alta ou baixa dentro deste grupo de falantes indicárase se o é máis por culpa dos informantes de idades intermedias ou dos vellos; se non se sinala nada é porque as respostas foron semellantes en ambos sectores.

O cuestionario consta dunha selección de dez preguntas que van dende a percepción que os falantes teñen da súa lingua ata o uso que fan dela ó se dirixiren a determinadas persoas pertencentes a un estatus e profesión concretos. A análise lingüística para comprobalo grao de influencia e interferencia entre castelán e galego centrámola na morfosintaxe e no léxico.

## **2. Actitudes e usos lingüísticos**

Cando nunha comunidade interaccionan dúas linguas, coma o galego e o castelán, a poboación tende a discriminar certas actitudes e certos usos para unha e mais para a outra. De qué maneira e en qué medida ocorre iso vai se-lo que tentemos demostrar a continuación mediante un breve cuestionario que contestaron 73 falantes entrevistados.

### **2.1. En que lingua se expresa habitualmente**

A) Xeración Vella:

- Máis galego: 100%
- Máis castelán: 0%

---

<sup>1</sup> Frei Rosendo Salvado, 4-6º, Santiago (A Coruña), CP 15701; Tlf. 981-590799.

- Galego e castelán: 0%

Respostas habituais:

- “en gallego porque sempre estiven aquí”.
- “en gallego porque o castellano non o sei”.
- “aquí falamos gallego porque castellano fálase mal”.

B) Xeración Intermedia:

- Máis galego: 80.95%
- Máis castelán: 4.76%
- Galego e castelán: 14.28%

Respostas habituais:

- “En gallego porque me gusta máis”;
- “As dúas porque o castellano tamén se debe saber”;
- “Falo máis en castellano polos rapaces”.

C) Xeración Nova:


- Máis galego: 22.72%
- Máis castelán: 18.18%
- Galego e castelán: 59.09%

Respostas habituais:

- “Falo as dúas, dependendo do que me falen”;
- “Falo gallego porque me sinto millor falando gallego e entre nós é ridículo falar castellano”;
- “Falo máis castelán porque é o que se fala na miña casa e porque me gusta máis”;
- “Nunha aldea ou en sitios pequenos é unha tontería falar castelán”.

### Análise das repostas

Os datos obtidos nas respostas das tres xeracións de informantes representámo-los no seguinte gráfico:



O galego como lingua de expresión máis habitual diminúe de máis vellos a máis novos. Aumenta algo o castelán e experimenta un crecemento importante o uso de ámbalas dúas linguas.

Os usos exclusivos do galego na xeración vella explícanse nas vilas pequenas e mais no rural porque estes falantes de media e baixa cultura é a única lingua que coñecen.

O crecemento do castelán está determinado polos falantes máis novos que teñen esta lingua como lingua materna e mais polos falantes da xeración intermedia –que son os pais dos máis novos– e que aínda teñen o complexo e a consideración do galego como lingua de segunda categoría.

O aumento do uso bilingüe xustifícase, en primeiro lugar, polo maior dominio das dúas linguas conforme baixamos na escala da idade, polo ensino que os máis novos reciben en galego nalgunhas materias e, por último, pola condición do interlocutor ó que se dirixe o emisor.

## **2.2. Gústalle máis o galego ou o castelán**

A) Xeracións vella e intermedia:

- Máis o galego: 64.70%
- Máis o castelán: 11.76%
- As dúas por igual: 23.52%

Respostas habituais:

- “Gústame máis o gallego porque é o que falamos aquí e é o falar da nosa terra”
- “O gallego gallego gústame máis có castellano porque o gallego gallego é outro, non o que nós falamos aquí”
- “Entre nós gústame máis o gallego porque é o que estamos falando a diario”
- “O gallego gústame máis ou menos. Eu faleino sempre porque ten menos problemas có castellano, é máis llano anque non sea tan ben falado”
- “Aquí entre nós gústame máis o gallego porque se entende un millor, pero despois pra ir pra fóra non serve”
- “Máis gústame o gallego porque o castellano non o sabes ben, hai palabras que non as falas ben”
- “A min das falas a que máis me gusta é o castellano porque nós o gallego non o sabemos falar e hai moitas cousas que non as entendo”

B) Xeración nova:


- Máis o galego: 54.54%
- Máis o castelán: 27.27%
- As dúas por igual: 18.18%

Respostas habituais:

- “O galego é tanto ou máis bonito có castelano, depende como o queiras mirar ti”
- “Prefiero o castelán porque a xente coa que me relaciono fala castelán, entóns sigo”
- “O galego está ben porque é a lingua de aquí, pero o castelán tamén se debe saber”

### Análise das respostas

As respostas obtidas reflicten os seguintes resultados:



En tódolos sectores o galego é a lingua que máis lles gusta ós falantes dos concellos de Forcarei e Cotobade. Nos sectores novos apréciase como o castelán ten unha importante subida, isto é debido ós informantes máis novos, fundamentalmente das vilas de Forcarei e Soutelo, que tiveron como lingua materna o castelán e en bastantes ocasións senten máis predilección por esta ca polo galego. O mantemento do galego como lingua que máis gusta nos sectores novos vén dada polas respostas dos informantes de idades comprendidas entre 26 e 33 anos.

### 2.3. Que lingua utiliza para falar co médico

A) Xeracións Vella e intermedia:

- Depende do que fale el: 45.09%
- Antes castelán e agora galego: 29.41%
- Máis galego: 17.64%
- Máis castelán: 7.84%

Respostas habituais:

- “Co médico fálase dependendo de cómo sea o medico e mais de cómo fale e mais da confianza que haxa con el, se hai confianza fálase galego”
- “Antes falábase castelano, pero agora non porque agora falan o galego eles tamén”
- “Co médico sempre falo galego”
- “Aquí por arredor fálase galego. Se se vai a Santiago ou a Pontevedra e ves que non te entenden fálaselle castelano”

B) Xeración Nova:

- Depende do que fale el: 59.09%


- Máis galego: 22.72%
- Máis castelán: 18.18%

Respostas habituais:

- “Falo galego en tódolos sitios”
- “Máis castelán por se non me entende”
- “Procuro falar sempre o galego con calquera médico ou en calquera organismo, a non ser que o funcionario non entenda por ser doutra comunidade e entón adáptome a el”

### **Análise das respostas**

Cos datos obtidos chegamos ó seguinte gráfico:



A linguaxe utilizada para falar co médico está bastante condicionada pola linguaxe que use o facultativo. Os informantes de máis de 35 anos de aldeas e vilas moi pequenas son os que noutra época procuraban adaptarse ó falar do médico expresándose en castelán na medida das súas posibilidades<sup>2</sup>. Agora tenden a empregar máis o galego porque en moitos casos o facultativo nestas vilas pequenas tamén se dirixe a eles en galego. Os que máis seguen a utiliza-lo castelán aquí son os informantes da xeración máis nova, preferentemente de vilas coma Forcarei e Soutelo.

### **2.4. Que linguaxe utiliza para falar co cura**

A) Xeracións vella e intermedia:

- Depende do que fale el: 15.68%
- Antes castelán e agora galego: 39.21%
- Máis galego: 43.13%
- Máis castelán: 19.60%

Respostas habituais:

<sup>2</sup> Non temos en conta esta variable para os falantes da xeración nova porque neles non se operou este cambio de código dun xeito tan marcado e característico.

- “Co cura falo en gallego. Algún ano esforzábame por fala-lo castelano, pero agora cada un debe respecta-la súa lingua”
- “Antes falábaselle castelano, pero agora o cura xa é un coma nós”
- “Falo de acordo co que me fale el”


B) Xeración nova:

- Depende do que fale el: 50%
- Máis gallego: 27.27%
- Máis castelán: 18.18%

Respostas habituais:

- “Co cura eu falo no que me fale el”
- “Normalmente falo máis en gallego, pero se sei que non é de aquí e non entende fállolle castelán”.
- “Fállolle máis en castelán, igual que co resto da xente”

### Análise das respostas



Os resultados que amosa o gráfico indican que para falar co cura da súa parroquia os informantes da xeración vella e intermedia optan polo gallego. Os novos tamén empregan bastante o gallego aínda que a maioría entende que falará no que o cura lle fale. Nestes informantes dáse tamén un incremento no emprego do castelán, que, como vimos noutros casos, débese sobre todo ós falantes máis novos dos núcleos máis urbanizados.

En relación co uso que se fai de ámbalas dúas linguas para falar co cura e mais co médico, hai que destacar que tódolos falantes usan máis o gallego co cura ca co médico, deste xeito, pasamos dun 17% e 22% de uso co médico a un 43% e 27% de uso co cura segundo nos situemos nun sector de falantes de máis de 35 anos ou de menos. Isto obedece a que, por unha banda, a figura do sacerdote está menos distante cá do profesional da medicina, e pola outra a que os sacerdotes de parroquias e lugares pequenos optan, en boa medida, polo gallego para falar cos seus fregueses.

## 2.5. Que lingua utiliza para falar cos amigos

A) Xeracións vella e intermedia:

- Máis galego: 60.78%
- Máis castelán: 7.84%
- As dúas: 31.37%

Respostas habituais:

- “Entre os amigos falábase galego, se falabas castellano ríanse de ti. Falaba castellano algún que viña presumindo porque marchara pra fóra e volvía falando castellano”.

- “Aquí por entre nós fálase galego, pero cando hai alguén de fóra tamén fála-lo castellano”.

B) Xeración nova da vila (10 informantes):

- Máis galego: 30%
- Máis castelán: 40%
- As dúas: 30%

Respostas habituais:

- “Entre a xuventude, cos amigos, na discoteca, fálase o castelán”

- “Con algúns compañeiros que veñen de lugares pequenos ou con xente maior fálase galego, pero normalmente fálase castelán”.

- “As dúas un pouco, depende moito, porque por aquí ó mellor falas galego, pero moitas veces estás con amigos tomando algo e falas castelán”

- “Cos amigos tamén procuro falar sempre galego”

C) Xeración nova da aldea (12 informantes):

- Máis galego: 58.33%
- Máis castelán: 8.33%
- As dúas: 33.33%


Respostas habituais:

- “Cos compañeiros fálase galego, pero cando hai algún de fóra fálase castelán”.

- “Normalmente falo galego, pero cos amigos nun bar ou nunha discoteca ó millor falo castelán”.

- “Cos amigos por aquí falo galego. Castelán igual falas con alguén que non conoces e que ves que non é de aquí”.

## Análise das respostas



Os falantes dos sectores vello e intermedio así como os falantes novos da aldea son os máis proclives ó emprego do galego no trato cos amigos. Os informantes novos da vila, sobre todo os máis novos, son os que máis usos presentan do castelán en relación con esta variable.

Os datos obtidos en relación co emprego *das dúas* linguas, galego e castelán, para falar cos amigos, amosan un equilibrio entre os informantes novos da vila e os da xeración vella e intermedia. No sector de vellos e media idade as repostas ó emprego das dúas linguas proceden maioritariamente dos informantes de arredor de 40 anos.

### 2.6. Que lingua utiliza na escola

#### A) Xeracións vella e intermedia:

- Co mestre castelán e cos amigos galego: 68.62%
- Máis galego: 21.56%
- Máis castelán: 9.80%

#### Respostas habituais:

- “Na escola falábase o castellano, agora xa non, porque agora xa falan eles tamén gallego”
- “Eu falaba sempre gallego porque é o único que sei”
- “Como me eduquei aquí en Forcarei falábase máis o castelán, os das aldeas en cambio viñan á escola falando máis galego”


#### B) Xeración nova:

- Co mestre castelán e cos amigos galego: 22.72%
- Máis galego: 45.45%
- Máis castelán: 31.81%

#### Respostas habituais:

- “Co maestro na clase falábase castellano, pero cos amigos fóra falábase galego”
- “Falo sempre galego a non ser na clase nas materias que se dan en castellano”
- “Entre os amigos falamos castelán e no colegio tamén”

## Análise das respostas



Os que máis optan polo castelán son os falantes da xeración nova e algúns da xeración intermedia que proceden dos núcleos máis urbanos coma Forcarei e Soutelo de Montes. Os informantes da xeración nova que sinalan que co mestre falaban castelán e cos amigos galego son aqueles de preto de 33 anos que aínda viviron parte da escola do Réxime. Os novos que se inclinan polo castelán son os sectores de menos idade da vila, para os demais o galego é a lingua de máis uso no recinto escolar tanto entre eles como coa maior parte dos mestres.

### 2.7. Que opinión lle merece o seu galego

#### A) Xeracións vella e intermedia:

- Está ben: 3,92%
- Non é o auténtico galego: 45,09%
- É unha mestura co castelán: 50,98%

#### Respostas habituais:

- “O que falamos aquí está ben, pero non sabemos escribilo”
- “Aquí falamos un gallego chapurrado, nin gallego nin castellano, un lenguaje do que hai no país”
- “Onde se fala o gallego é entre Asturias e Lugo, con eso de *acó, aló*. Nós o gallego non o falamos como é”
- “Aquí falamos distinto a Lugo e Orense porque aí teñen un gallego máis cerrado”
- “Aquí o gallego está moi mesturado co castellano”
- “Nin falamos gallego nin castellano, eu non sei que falamos, unha mestura das dúas cousas”

#### B) Xeración nova:


- Está ben: 22,72%
- Non é o auténtico: 31,81%
- É unha mestura co castelán: 45,45%

#### Respostas habituais:

- “A min dáseme mellor o galego có castelán, pero o meu galego non é o perfeto”.
- “Está ben porque cada un debe falar o seu galego, o da súa zona”.

- “Fálase a medias, entre galego e castelán”.

### Análise das respostas



Dentro da consideración negativa xeral da propia fala os novos son os que máis valoran o seu galego en comparación coas xeracións vella e intermedia. Aqueles que proceden dos núcleos máis urbanos da zona e que teñen como lingua materna o castelán tenden a identifica-lo seu galego co dos libros e por iso lles resulta máis aceptable.

A maior parte dos informantes reconece a importante interferencia co castelán no galego que se fala a cotío na zona. Tenden igualmente a pensar que o seu falar non é o auténtico. Para os máis vellos o auténtico é o galego da provincia de Lugo e para os novos o auténtico é o dos libros e o dos medios de comunicación, independentemente de que lles poida gustar máis ou menos có que falan e oen por onde viven.

### 2.8. Que opinión lle merece o galego dos medios de comunicación, o galego estándar

A) Xeracións vella e intermedia.

- Gústalles máis có da súa zona: 29.41%
- Gústalles menos có da súa zona: 50%
- Gústalles por igual: 21.56 %

Respostas habituais:

- “Eu falo o gallego de aquí porque é o que sei, pero o outro non me molesta tampouco”
- “Paréceme millor o gallego que falamos nós có dos medios de comunicación porque moitas cousas no as entendo”
- “O da televisión parece que queren refinalo moito e nótase que non falan gallego de toda a vida”
- “O da televisión enténdese ben e é parecido ó que falamos nós”
- “O gallego da televisión é o gallego gallego, nós falamos un gallego baturro”

B) Xeración nova.


- Gústalles máis có da súa zona: 36.36%

- Gústalles menos có da súa zona: 36.36%
- Gústalles por igual: 27.27%

Respostas habituais:

- “Nos medios de comunicación falan o galego propio e ese é o que deberíamos falar”
- “O dos medios de comunicación sona ben, parece un galego máis fino, non coma o que falamos nós, que falamos a medias”
- “O dos medios de comunicación gústame máis porque quitan formas de falar que estaban mal como gheada e seseo”
- “O galego da televisión mete máis pifias ca nós e o galego da escola tampouco me gusta porque ten palabras moi difíciles”
- “Paréceme ben o galego da televisión, pero nalgús casos nótase como un galego artificial, parece que non falan galego fóra da televisión”
- “Paréceme mellor o galego que falamos nós, cada un debe fala-lo seu galego porque o galego é distinto según as zonas e os vellos non van agora aprende-lo galego estándar”
- “Gústanme os dous. O galego estándar está ben, pero o que falamos nós tamén está ben porque é o desta zona e é o que falas sempre”

### Análise das respostas



Polos resultados do gráfico comprobamos que, en xeral, as persoas de máis de 35 anos de Forcarei e Cotobade prefiren o galego da súa zona ó dos medios de comunicación. Os novos aceptan de mellor grao cós vellos o galego dos medios ou estándar, se ben non se atopou unha maioría clara que diga que lle gusta máis ou que lle gusta menos có da súa zona.

Os falantes máis vellos son os que prefiren o galego deles fronte ó estándar porque nalgúns casos este último non chegan a entendelo. Boa parte dos que prefiren o galego dos medios de comunicación entenden que ese é o auténtico galego.

As persoas novas que elixen o galego estándar pensan que é a lingua que se debe falar e que soa mellor có da súa zona, nestes informantes aumenta ademais o número de persoas que prefiren o galego estándar ó falado espontaneamente. Os que prefiren o galego que falan eles a cotío fano porque din que lles resulta máis doado có estándar e porque segundo eles o da televisión resulta artificial e ás veces con castelanismos. Aqueles ós que lles gusta por igual simplemente ven as dúas variedades como distintas, nin mellor nin peor unha cá outra.

## 2.9. Que lle parece a gheada

A) Xeracións vella e intermedia:

- Ben: 37.25%
- Mal: 45.09%
- Indiferente: 17.64%

Respostas habituais:

- “Pronunciar desa maneira dentro do gallego está ben, pero casi me gusta máis sin ela”
- “Aquí todos falan así, pero da outra maneira é máis bonito”
- “Deso eu non sei, cada un ten a súa maneira de falar”


B) Xeración nova:

- Ben: 22.72%
- Mal: 72.72%
- Indiferente: 4.54%

Respostas habituais:

- “A min o que non me gusta é ese jejeo de Vijo”
- “A gheada paréceme ben, pero se falas así algunhas persoas vente como moi bruto”
- “O da gheada queda mal, pero desaparecer non debería desaparecer, non se debía perder”

### Análise das respostas



Como se esperaba, a maior parte da poboación destes concellos rexeita a gheada, aínda que as porcentaxes de aceptabilidade parécennos máis altas das que nun principio cabía esperar. Entre os que a aceptan podemos diferenciar, dunha banda, os que admiten a gheada porque na zona sempre se falou así (persoas de idade, sobre todo) e, doutra banda, os que a admiten por ser un trazo característico da lingua galega que, como tal, débese conservar (algúns falantes do sector novo). Para os entrevistados que rexeitan a gheada esta é un xeito de falar considerado bruto, feo, pouco refinado e que non lles agrada.

## 2.10. Que pensa de que se potencie o galego, sobre todo no ensino

A) Xeracións vella e intermedia:

- Totalmente de acordo: 68.62%
- Parcialmente de acordo: 23.52%
- En desacordo: 7.84%

Respostas habituais:

- “Paréceme ben que se lle dea pra diante ó galego porque é a fala da nosa terra e temos que volver por ela”

- “Antes na escola esigían o castellano, agora paréceme moi ben que tamén se esija o galego”

- “Paréceme ben que se potencie o galego, pero escribilo véxoo difícil como non volva á escola”

- “Pra Galicia vexo ben o do galego porque é un idioma que foi aquí de toda a vida, pero oficialmente debía se-lo castellano porque así hai un falar solo e non moitas linguas”

- “Na escola non se debía meter porque os rapaces da aldea xa o aprenden alí e os da capital sufren bastante porque é unha lingua máis que teñen que aprender”

B) Xeración nova:

- Totalmente de acordo: 77.27%
- Parcialmente de acordo: 18.18%
- En desacordo: 4.54%

Respostas habituais:

- “Cantas máis materias se dean en galego millor porque se non estudar galego é como estudar inglés ou francés”


- “Está ben que se potencie o galego pa que se recuperen tradicións de antes e pa que os rapaces vaian aprendendo dende pequenos dunha maneira máis natural sin demasiadas esixencias. Que disfruten e que se boten a falar”

- “Que se dean tódalas materias do ensino en galego paréceme algo radical aínda que a min non me importaría dalas en galego. Eu dei física e química en galego”

- “Vexo ben que se potencie o galego. É o que deberíamos falar todos por se-lo idioma do noso país”

- “Non é necesario darlle máis pulo ó galego, eu creo que está ben así”

### Análise das respostas



A maior parte dos enquisados son totalmente partidarios da potenciación do galego e de que haxa máis materias en lingua galega no ensino. Unha parte dos informantes só está parcialmente de acordo coa potenciación do galego, pois segundo eles a xente que falaba castelán non pode ser obrigada de repente a expresarse en galego.

Unha minoría, que son os máis reticentes, entende que iso iría en detrimento do castelán, lingua, segundo eles, moi necesaria e que hai que coñecer.

É destacable a actitude favorable dos novos cara ó pulo da lingua. Aínda que algúns – moi novos da vila – son máis falantes de castelán ca de galego non ven mal que se potencie a lingua galega no ensino. A explicación a esta actitude favorable está bastante determinada polo feito de seren persoas procedentes do medio rural, lugar no que o galego predeu máis.

### 3. Influxos do castelán na morfosintaxe e no léxico galegos

Vexamos agora as incursións máis importantes que o castelán realiza no galego dos dous concellos que nos ocupan, Forcarei e Cotobade. Centrámolo estudio no aspecto morfosintáctico e no léxico, sempre tendo en conta as diferencias xeracionais (tal como estamos a facer dende o comezo do traballo). A través desta análise, rápida por cuestións de espacio, observámo-lo grao de succión que o español exerce sobre o galego e tamén aqueles falantes e momentos lingüísticos en que esta é maior.

#### 3.1. No xénero

A presión do castelán sobre o galego provoca cambios de xénero naqueles casos nos que a nosa lingua non coincide co español. Exemplos desta asimilación son *\*o dolor*, *\*o viaxe*, *\*a sangue*, *\*a nariz*, practicamente xerais. Rexístrase vacilación entre *\*o/a calor*, *\*a/o leite*. É máis doado atopar *a calor* entre os novos debido ó efecto regularizador exercido pola escola, pero curiosamente non acontece o mesmo con *o leite*, posto que son as xeracións vella e intermedia as que empregan o substantivo co xénero correcto.

#### 3.2. No artigo

Por cruces co castelán escóitase en falantes novos algúns nomes que non van precedidos de artigo determinado, como son por exemplo *casa* ou *misa*, e que en galego adoitan levalo: *hai qu'ir a misa*; *teño qu'ir a casa*.

É característico de toda a zona a utilización da segunda forma do artigo, (mesmo nos casos non contemplados na normativa oficial), sen embargo o seu uso diminúe claramente nas

xeracións novas e, dentro destas, aínda máis naqueles falantes que viven en vilas, onde como é sabido a presenza do castelán é maior, así na vila de Soutelo documentouse o exemplo: *un ten que decir o nome dese*.

Pero debemos atender tamén aqueles casos nos que non se fai uso do artigo malia ser este necesario, e cando o esperable sería o emprego da súa segunda forma. Sirva de mostra o seguinte exemplo: “<¿onde ides?>” *Ó río, por aí, tal, aí ó muíño por exemplo, macho, que está sempre cheo de xente, por aí e a todos lados ¿no?. A tomar algo por aí sempre*. Máis próximo á lingua galega parece “a tódolos lados”, coa utilización da segunda forma do artigo, pero máis convincente desde o punto de vista lingüístico resultaría a expresión “onde cadre” ou “a todo canto sitio hai”. A expresión *a todos lados*, empregada por algún falante novo, está determinada pola influencia do castelán como pon de manifesto a ausencia da segunda forma do artigo e o uso da preposición *a* en lugar doutras como *por*.

### 3.3. No pronome persoal

O seguimento, máis ou menos consciente, do patrón español trae consigo a colocación incorrecta do pronome, sobre todo naqueles casos en que debendo ir enclítico aparece, pola contra, proclítico (Ex: *Eu me conformaría estar como estou xa*). O español abriu esta fenda entre os novos fundamentalmente.

Noutras ocasións é a colocación enclítica a que se asemella máis ó castelán. Referímonos ós casos nos que os falantes novos optan por coloca-lo pronome átono detrás do infinitivo cando este aparece formando parte dunha perífrase e precedido da conxunción *que*. Así *tiña que lle dar un bico ós mozos*, exemplo recollido dunha falante vella de Cotobade tende a se converter no galego dos novos en *tuven que darlle o que ganara*.

Outro feito a tocar relacionado co pronome é o da interpolación, nomeadamente a da negación *non* entre o pronome e o verbo. Unha falante de Aceveiro (Forcarei) dinos: *faciamos moitas cousas do que se non fan aghora*, outra de Loureiro (Cotobade) di: *poñía unha saia por riba do pantalón, agora xa a non pon*. Pensamos que a súa inexistencia nos falantes novos, e mesmo nos da xeración intermedia, ten moito que ver co poder do modelo imposto polo castelán, tanto desde a vía directa, puramente lingüística, como desde a vía indirecta, desde a cal se valora negativamente aqueles falantes que colocan o pronome deste xeito. O retroceso no uso da interpolación está moi avanzado, quizais porque neste eido da lingua o castelán influíu dende moi cedo sobre o galego.

O castelán tamén pode estar detrás do emprego do pronome en estruturas sintácticas nas que ou ben o seu uso é optativo ou ben non é admisible. Exemplo do primeiro caso é

*caseime* e do segundo *pelexáronse*; neste último, recollido nun falante de 12 anos, quérese marca-la reciprocidade con *se*, procedemento impropio do galego.

### 3.4. No demostrativo e no posesivo

Na xeración nova alternan as formas coincidentes coas do español *\*estos*, *\*esos* coas propias do galego *estes* e *eses*.

O máis salientable dentro dos posesivos é a utilización do artigo diante do posesivo cos nomes de parentesco próximo por parte dalgúns falantes novos: *deixeino cando ó meu pai lle cortaron a perna*. Esta utilización é válida, pero pode te-la súa orixe nunha autocorrección que sae das aulas e que busca o diferencialismo con respecto ó castelán, xa que o habitual no resto dos falantes é non empregar neste caso o artigo.

### 3.5. Nos cuantificadores e identificadores

A castelanización máis xeral encontrámola no identificador *mismo*. *Alguien* rexístrase na fala dos máis novos e na dalgún informante de mediana idade: *encóntraste a alguien conocido*. Con respecto a *canto* é interesante sinala-la súa desaparición entre os novos nalgunhas construcións nas que introduce cláusulas de relativo, son exemplos do tipo de *Dáballe todo canto tiña* ou *Has ter canto precisas*, desprazadas por outras máis próximas ó castelán: *Dáballe todo o que tiña / Vas ter todo o que necesites*.

O cuantificador *nadie* compite cos correspondentes galegos *ninghién/ninguén* que son os máis empregados entre os vellos e os novos respectivamente, nestes últimos quizais debido ó coñecemento que teñen do galego académico.

*Ningún* escóitase nas xeracións vellas e de mediana idade precedido de substantivos como *cousa*, *razón*...: *non podías tocarlle a cousa ningunha*. Os novos trocan a orde dos elementos, colocando en primeiro lugar o cuantificador.

Non podemos dici-lo mesmo do uso de determinadas locucións de carácter indefinido, como *un chisco*, *un chisquiño*, porque son formas que só se recolleron nas xeracións vellas do rural; os novos substituíronas por *un pouco*, *algo*, que se achegan dun xeito bastante sospeitoso ás solucións correspondentes á considerada por eles lingua “a”. Ex.: *Comía un chisquiño de pan* → *comía un pouco/algo (de) pan*.

### 3.6. Nas formas verbais

Este é un dos eidos da lingua onde a desfeita se fai máis patente, en grande medida debido á presenza do verbo na práctica totalidade dos enunciados. De tódolos xeitos, como a

presión do castelán se está a producir dende hai varios séculos ás veces é difícil establece-la diferenciación entre castelanismos e dialectalismos.

Na raíz. Na primeira conxugación algunhas persoas do presente de indicativo amosan unha vocal radical pechada antietimolóxica en formas rizotónicas. A causa está na deficiente asunción do sistema fonolóxico do galego por parte de falantes moi novos da vila que aínda están instalados no sistema de tres graos de abertura do castelán. Desta maneira, documentamos solucións do tipo de *penso, xogo* con vocal tónica pechada: *xogo a fíbol; penso que non*.

Nos verbos *estar* e *andar* encontramos no tema de perfecto os radicais *estuv-*, *anduv-*. A primeira pode influír no verbo *ter*, que no tema de perfecto presenta a raíz *tuv-*. Aínda que na zona tamén se rexistran *estiv-*, *andiv-* ou *tiv-* as anteriores están moi introducidas na fala debido á súa semellanza coas correspondentes do castelán.

Na segunda conxugación rexistramos ocasionalmente en falantes moi novos unha vocal radical tónica con peche antietimolóxico no presente de indicativo do verbo *poder*: *non te podes mover*. A explicación é a mesma que vimos para outras formas da primeira conxugación.

*Crer* presenta o radical pleno *cre-* en falantes de tódalas idades: *ás veces tes que creer rabiando*. Este tipo de formas que non contraen as vocais delatan unha vez máis a presión exercida polo castelán<sup>3</sup>.

Para *coñecer* temos na zona o radical do castelán *conoc-*: *solo fala cos que conoce*.

A segunda persoa do presente de indicativo de *ser* pode ter unha raíz *er-*, coincidente coa do castelán, máis frecuente nos falantes novos: *a ver se sabían quen eres*. O presente de subxuntivo deste mesmo verbo presenta unha raíz *se-* (*sea*), que se pode escoitar en falantes de tódalas idades: *canto máir finiño sea*. A coincidencia coa forma do castelán determina para moitos a súa elección fronte a estoura do galego con raíz palatalizada (*sexa*)<sup>4</sup>.

*Haber* ten na terceira persoa do pretérito o radical *hub-*, sobre todo en falantes novos e nalgún de mediana idade, pero de todos xeitos esta incursión do castelán non deixa de ser minoritaria fronte á solución habitual do galego que é *houb-*.

Outro fenómeno que se produce na raíz en verbos da segunda é o enxordecemento *b>p* en tempos do tema de perfecto e no subxuntivo presente: *soupesen non soupesen*

<sup>3</sup> Na literatura tamén se documenta este tipo de formas, cfr. por exemplo: Xove, 1992.

<sup>4</sup> Segundo Santamarina *sea* débese a un nivelamento analóxico entre *se* + *VT* Ø + *SMT*<sub>a</sub> + *SNP* conforme a *deba*.

*solamente estudiaban...; pra qu'a xente sepa que morreu alghén*. Detrás disto está o empuxe do castelán *supe*<sup>5</sup>.

Na terceira conxugación as alternancias pechada/aberta (*i/è, u/ò*) no presente de indicativo en verbos como *seguir, sentir, servir, mentir, cubrir, subir, sufrir, acudir...* nas formas rizotónicas non teñen lugar en xeral nos falantes da área estudada, de aquí que o presente de indicativo se faga totalmente regular e empregue como vocal radical ou ben *i* ou ben *u*, segundo o verbo de que se trate: *síguese facendo, el sofre moito con eso*. En relación coa falta de alternancia nestas formas, como é o caso de *subes*, considera F. Rei (1979: 43) que: “No caso de *subir* ten que se-lo castelanismo unha das causas do retroceso dos *sóbes, sóbe, sóben*, sobre todo na xente nova, independentemente da dinámica da lingua, que (...) tende a elimina-los *fòxes, òles e sòbes* pra marca-la clase mórfica”.

No verbo *dicir* atopamos ocasionalmente no presente de indicativo a raíz *dic-* en falantes de 20 a 30 anos, por influxo do castelán: *dicen que s'a piel é finiña millor*.

No presente de indicativo de *ir* documentámo-las solucións *imos/vamos*, cos radicais *i-*, *va-*. O peso do castelán pode estar detrás do uso do segundo.

*Durmir* pode escoitarse na zona con vocal radical *o*: *dormir*. É unha forma bastante introducida na fala, feito que se pode deber á súa semellanza coa do castelán, aínda que xa está presente no galego antigo.

Na vocal temática. Nalgúns verbos da primeira, segunda e terceira conxugación rexistramos na cuarta persoa do copretérito e do antepretérito unha acentuación proparoxítona, na vocal temática e non no sufixo modo-temporal. Documentábase en tódalas xeracións, pero nomeadamente na dos falantes novos por causa da presión do castelán<sup>6</sup>. Exemplos da primeira conxugación son *andábamos, pilláramos*, da segunda atopamos *éramos, facíamos, tiñamos*, da terceira *íbamos*.

Na desinencia modo-temporal. Encontrámo-la desinencia *e* no presente de subxuntivo do verbo *dar*: *dicindo que lle den patadas*. Este resultado está sobre todo nalgúns falantes moi novos. Esta forma verbal, que coincide coa do castelán e tamén coa do portugués, é unha solución da lingua antiga, pero hai que considerala castelanismo máis ca arcaísmo.

<sup>5</sup> Este enordecemento consonántico de *saber* explica Fernández Rei dicindo que: “O *p* deberíase a un cruce de *souben* co castelán *supe*”, vid. F. Rei, 1978: 299.

<sup>6</sup> A este respecto din as *Normas...*: “A acentuación grave representa a orixinaria e a esdrúxula unha innovación analóxica que non se acabou de consumir. A acentuación paroxítona correspóndese coa latina -ABAMUS, -ABATIS, etc., conservada tamén en sardo (*cantavámus, cantavádes*, etc), en italiano (*cantavamo, cantavate*), en occitano (*cantavám, cantavátz*, etc.) e mesmo, aínda que hoxe estea moi disfrazada, en francés (*chantions, chantiez*, etc <ant. *chantiiéns, chantiiiez*, etc) (...). A regresión das formas *cantabamos, cantabades*, etc. débese en boa parte a que se toma como modelo de corrección o castelán e en consecuencia estas reprimense como vulgares”, vid. *Normas...*, 1995: 108.

*Estar* pode aparecer cunha desinencia modo-temporal etimolóxica *-e* en falantes novos por presión do castelán: *o que esté ali despistao*.

*Ir* amosa no copretérito a desinencia do castelán *-ba* no canto de *a*, a primeira delas moi introducida na área estudada.

No infinitivo e nas perífrases verbais. O feito de que o castelán descoñeza o infinitivo conxugado determina en gran medida que os falantes destes concellos, principalmente os novos e algúns de mediana idade, non o empreguen.

En canto ás perífrases, xa indicamos noutro apartado os problemas da construción de *ir* + infinitivo. Das restantes rexistradas salientámo-la substitución de *dar en* + infinitivo e *botar a* + infinitivo por *empezar a* + infintivo, que coincide coa do castelán. Esta substitución estase a producir na xeración nova. Tamén nesta xeración en lugar de *acabar por* + infinitivo utilízase a forma simple do verbo auxiliado, de acordo co que adoita acontecer no castelán. Seguindo na mesma liña desbótase *haber (de)* + infinitivo e dásele preferencia á solución que coincide co castelán: *algo ha pasar* → *algo pasará; algo vai pasar*.

### 3.7. Nos adverbios

Dentro dos adverbios de lugar destacámo-la forma *acólá*, en claro retroceso nas novas xeracións, nas que cede o seu lugar a *alí* e *alá*, tamén galegas, pero máis próximas ás do castelán. Fronte a isto tenden a se-los vellos os que máis se achegan ó castelán ó empregaren ocasionalmente para indicar afastamento a solución *lexos*, a pesar de que a maioritaria segue a ser *lonxe*<sup>7</sup>.

Nos adverbios de tempo o resultado do castelán *ahora* está moi introducido en tódolos falantes alternando coa patrimonial *agora*. Moi pouco utilizadas son as formas *axiña* e *de contado*, que só se escoitan nalgúns falantes da xeración vella, pois os novos e boa parte dos de mediana idade inclínanse polo resultado que coincide co castelán: *pronto*.

Moi introducido nas xeracións intermedias e nas vellas está o castelanismo *jamás*, que substitúe a *nunca* coa finalidade de dar máis énfase ó que se quere negar: *jamás se m'olvida eso*.

O castelán penetrou con forza nos adverbios de modo. Así, *solamente*, *mismo*, *a menudo* desprazaron ós tradicionais *só/unicamente*, *a miúdo* e *mesmo*, este último practicamente inexistente hoxe e os exemplos que rexistramos xustificanse pola aprendizaxe

---

<sup>7</sup> Noutras áreas do territorio galego, por exemplo en Verín, Taboada sinala como máis usual o castelanismo fonético *lexos*. Vid. Taboada, 1979: 161.

recente do galego na escola. *Peor e mellor* desprazaron a *pior e millor* tanto pola forza do galego académico como pola súa semellanza coas formas do castelán “peor” e “mejor”.

Moitas locucións adverbiais de modo tamén abdicaron diante do castelán, xa que só nos vellos escoitamos: *a eito, a treu, ás carreiras, de balde/ de gratis*, etc., no resto dos falantes substitúense por “con orde/como me parece”, “de calquera maneira”, “de présa”, “gratis”, respectivamente.

Noutras locucións deste tipo, que posúen dúas expresións equivalentes, os falantes tenden a empregar a máis próxima ó castelán; é o caso de *Caímos de narices nela* no canto de *Caímos de fuciños nela*.

Nos adverbios de cantidade temos que *abondo/àbondo* é inusual nas xeracións novas, que o substitúen por *bastante*, forma que eles ven como similar á da lingua “a”. Outra forma que tamén sofre a influencia do castelán é *case*, coñecida preferentemente nos novos por vía normativa, e que está sendo substituída pola variante *casi*, coincidente co adverbio castelán.

Dentro das locucións de cantidade temos na área *un montón, unha chea* e *un feixe*. Mentres que as dúas últimas están arrecantadas case que exclusivamente na xeración vella: *ese falaba alá chistes, unha chea deles*, a primeira, que coincide coa do castelán é a dominante na xeración nova. Outro tanto acontece entre *moito/canto queiras* (na xeración nova) e *a esghalla* (rexistrado case exclusivamente na fala dos vellos).

Entre os adverbios de afirmación é interesante sinalalo feito de que mentres nos novos o maioritario é *si* (máxime na vila) nas xeracións de máis idade (sobre todo na dos vellos) o máis habitual é responde-la pregunta repetindo o verbo principal que apareza nela.

Ex.: – *¿Fixeches ti a comida?*

– *Si* (novos) – *Fixen* (vellos).

Detrás desta tendencia dos novos está probablemente o castelán.

Na negación destacámo-la introducción nas xeracións intermedia e vella do castelanismo *jamás*, que substitúe a *nunca* coa finalidade de dar máis énfase ó que se quere negar: *jamás se m’olvida eso*.

Por último, entramos no terreo dos adverbios e locucións de dúbida. Fixarémonos unicamente nunha destas últimas *ó mellor*, que pouco e pouco, impulsada polo modelo castelán, vai desprazando a *se cadra* nos falantes máis novos.

### 3.8. Nas preposicións e conxuncións

Un dos máis coñecidos estragos cometidos polo español neste eido é a inclusión da preposición *a* na perífrase verbal *ir + infinitivo* (ex.: *¿que máis che vou a contar?*, fronte a

“¿que máis che vou contar?”). Seguindo o modelo do castelán, onde si é obrigatoria a presenza da preposición, os falantes máis novos, sobre todo, e algúns de mediana idade introducen esta innecesariamente. Non só nesta perífrase senón tamén noutros tipos de agrupacións verbais (ex.: *Si, os tres solos e viñan aí a visitalos e tal, agora creo que marcharon*, fronte a “... viñan (aí) visitalos...”, máis habitual nos falantes vellos).

Tamén queda patente a infiltración do castelán na lingua galega destes concellos cando escoitamos *vas a donde queres*, xa que se escusaba a inclusión da preposición *a*: “*vas [\*donde] onde queres*”.

Polo que respecta á preposición *de*, aparece en construcións partitivas en falantes novos, fronte ós vellos que tenden a prescindir da mesma: *O outro día levei eu un pouco de sal aí / o outro día levei eu un pouco sal aí*. A utilización da preposición concorda coa solución do castelán para estes casos, que tamén emprega *de*.

Fixándonos agora noutra preposición, *onda*, vemos que foi desprazada entre os máis novos, e de xeito máis pronunciado nos da vila, por locucións do tipo *ó lado de* ou *xunto a/de*, apadriñadas, máis ou menos abertamente, pola súa maior proximidade ó castelán. Sirvan como mostra destas diferencias xeracionais os seguintes exemplos: *alá riba ond'ó cuartel - vou xogar ó parque qu'está aí ó lado da miña casa*.

E xa que entramos no terreo das locucións prepositivas botaremos unha ollada rápida por elas. Unha das locucións prepositivas espaciais máis empregadas por tódolos falantes, vellos e novos, é *ó lado de*, que despraza a outras que posúen un carácter máis diferencial con respecto do castelán, tales como *á beira de*, *ó carón de*, *ó pé de* ou *ó par de*; estas últimas só rexistradas na aldea, e as máis das veces en boca dos vellos: *Nos campos á beira das ilesias; sentados ó carón do lume; por cada'squina ou ó pé da'squina; eu iba camiñando ó par del*.

En canto ás conxuncións, falaremos primeiramente da tendencia entre os novos, preferentemente da vila, a non emprega-lo reforzo *mais* coa conxunción copulativa *e*. Ex.: “<¿Que festas tedes aquí?>” *A dos Dolores e o San Martiño*; de escoitarmos isto mesmo a un falante de maior idade as posibilidades de documenta-lo uso de *mais* serían moito maiores (*A dos Dolores e mailo San Martiño*).

Nos informantes novos da vila de arredor de 30 anos atopamos ás veces o castelanismo *aunque*, fronte ó resto dos informantes onde conviven *inda que/aínda que* e *anque* como as conxuncións concesivas máis empregadas. Ex.: *siempre hai traballo aunque se compra moito feito*.

A conxunción locativa *donde*, calco do castelán, ten un uso minoritario, pero non só se rexistra na xeración nova e intermedia senón tamén na vella, segundo vemos neste exemplo: *donde no me conocían era difícil*.

Nos falantes menos contaminados polo castelán rexístrase máis a miúdo a tradicional *coma ca como* en exemplos do tipo *de barato ten tanto coma nada; antes era coma hoxe*, recollidos en Cotobade.

### 3.9. No léxico

O influxo no léxico vémosto primeiramente naqueles campos temáticos que por razóns históricas e sociais padeceron máis fondamente a posición privilexiada da lingua “a”. Referímonos sobre todo ó campo temático da relixión (*Dios, Virgen, iglesia / ighlesia, capilla, nochebuena, entierro, velatorio, religiosa, campana, cementerio, Navidá*, etc.) e o do ensino (*escuela, colegio, maestro, filología gallega, ingeniería, jardín de infancia, patológica, castellano, gallego, lengua, etc.*). O emprego do termo castelán é xeral nas tres xeracións. Onde se percibe unha maior diferenza é nos vocábulos *gallego* e *castellano*, xa que mentres que estes son os maioritarios entre a xeración vella e grande parte da intermedia, non se pode dici-lo mesmo da xeración máis nova, que tende a utiliza-los termos galegos. Detrás desta tendencia está evidentemente a recente introducción do galego nas aulas.

Tamén o castelán fai acto de presenza en tódolos informantes na denominación dos días da semana e dos meses: *lunes, jueves, setiembre, enero*, etc. Os máis vellos aínda acordan escoita-los días da semana cos nomes seguintes: *luns, martes, cuarta feira, quinta feira, sexta feira, sábado* e *domingo*, pero recoñecen telos case que esquecidos.

Pero o castelán, especialmente activo, abriuse camiño en moitos outros campos sémicos como o dos electrodomésticos (*congelador, calentador, nevera...*), o dos alimentos (*huevos, patatas, azúcar, rodajas...*), o dos exabruptos (*joder, gilipollas, cojonudo...*), etc.

Dentro dos lexemas verbais advírtese unha importante entrada de formas do castelán: *salir, pienso, enseñaban, nombradas, luchar, alumbrar, mezclar, sembrar, allanar, resbalar, suele, vigilar, imaghinaba, desaiunar, arreglados...* Noutros casos en que conviven dous lexemas galegos e un deles é semellante ó do castelán, os falantes, xeralmente os máis novos, escollen este último: *comer* por *xantar*, *levantarse* por *erguerse*, *necesitar* por *precisar*, *ensinar* (*enseñar*) por *aprender*, *mover* por *abanear*, *deixar* por *pousar*, *secar* por *enxugar*, *crecer* por *medrar*, *lastimar* por *mancar*, *trillar* por *entalar*, *estirar/estender* por *estarricar*, *chamar/golpear* por *petar*, *tirar* por *turrar*, etc.

Por outra banda rexistramos unha incursión importante do castelán en dúas das chamadas “partículas de apoio”<sup>8</sup> máis empregadas polos falantes: *bueno* e *hombre*. É certo que paralelamente á segunda tamén se utiliza *home*, pero en moita menor medida, especialmente nos falantes novos.

Se nos ocupamos agora das expresións, na maior parte dos casos confrontamos dúas construcións, as dúas galegas, pero a que se asemella ó español tende a desprazar en frecuencia á outra, e mesmo ás veces a elimínala da fala, sobre todo nos novos e tamén nalgúns falantes da xeración intermedia. Deste xeito, a enxebreza da lingua dos vellos sucumbe baixo o influencia do castelán. Con isto o castelán dificulta a evolución normal da lingua e a renovación esperable das xeracións novas non chega vía interna, senón a través do filtro da lingua “a”.

No eido das expresións é onde o ensino adoita insistir menos á hora de facerlle fronte ó castelán, en parte debido á escaseza de traballos centrados nisto. Nós limitarémonos a expor unha pequena lista de exemplos:

#### FALA DOS VELLOS

- *Botei nove meses alí*
- *Xa non acordo estar co el*
- *De alí a unhos meses ordenou d'ir pa Venezuela*
- *A fariña máis ruín era p'os porcos*
- *Tanto ten*
- *Non ten duda*
- *Volven entrar a clases ás dúas e media, no sei se mudaron.*
- *Pinta-lo parvo*
- *Bota a correr que mete medo*
- *Embarullouse/Fíxose un lío*
- *Soltouno coma quen qu'era broma*
- *Colléralle o paraugas enghañado*
- *Fame rabiada*
- *Ímola virando*
- *Botan aquí o día enteiro*
- *Aquelo era máis duro de roer*
- *Doulle unha arroutada*
- *Fun ida por volta*
- *Ten conta do neno*
- *Non quedou cousa con cousa*
- *Batera ben a perna, non lle quedara tenda por ver*
- *Son máis grande/máis vello ca ti*
- *É máis novo ca min*

#### FALA DOS NOVOS

- *Pasei nove meses alí*
- *Xa non me acordo de estar con el*
- *De alí a unhos meses decidiu ir...*
- *A fariña peor/máis mala era pa...*
- *Tanto dá*
- *Non pasa nada*
- *(...) no sei se cambiaron/siguen así.*
- *Face-lo parvo*
- *Corre moito/Tira millas*
- *Armouse un rollo*
- *Soltouno en plan broma*
- *Colléralle o paraugas confundido*
- *Moita fame*
- *Vamos aguantando/tirando*
- *Pasan aquí o día enteiro*
- *Aquelo era máis difícil/complicado*
- *Doulle o ataque/Colleu e..*
- *Estiven/parei pouco tempo*
- *Coida/vixía o neno*
- *Desordenou/estropeou todo*
- *Cansárase de andar/anduvera moito*
- *Son maior ca ti*
- *É máis xoven/pequeno ca min*

<sup>8</sup> Segundo sinala C. Hagège (*La estructura de las lenguas*: 135 e ss.) é frecuente na secuencia lingüística servirse dalgunha forma como partícula de apoio ó falar e máis como pausa entre dous enunciados mentres se busca a palabra axeitada, mantendo a atención do receptor. Este autor chámalles marcas fáticas e incisores de cadea.

#### 4. Conclusión

Segundo vimos, na área que analizamos compróbase que maioritariamente se pasa dunha poboación monolingüe en galego –os máis vellos– a unha poboación bilingüe en galego e castelán –os novos. No contexto onde máis se usa o galego é no trato cos amigos. A lingua empregada para falar co cura e co médico está bastante condicionada pola lingua que usen estes. Na escola a lingua de máis emprego é o galego, agás para dirixirse ó mestre, co que se fai uso das dúas segundo este utilice unha ou outra. Os extremos na tendencia cara a unha ou outra lingua veñen dados polos máis vellos (que case sempre empregan o galego, por ser esta a única que saben) ou polos máis novos, preferentemente da vila (que case sempre optan polo castelán, dado que é a súa lingua materna na maior parte dos casos).

En canto ás actitudes que os informantes destes concellos amosan en relación coa lingua, diremos que en xeral valoran negativamente a súa fala<sup>9</sup>. Para a xeración vella e intermedia o auténtico galego é o da provincia de Lugo (*nós falamos un galego chapurrado*) e para os novos é o utilizado nos medios de comunicación e nos libros. Hai un retraemento xeral á hora de emprega-la gheada. Os vellos utilízana, pero non son conscientes do fenómeno, falan así porque na súa zona sempre se falou dese xeito, e os demais tenden a evitala nos rexistros coidados, pero manifestan unha actitude positiva cara ó seu mantemento.

Como actitude esperanzadora cabe destaca-lo feito de que a maior parte dos informantes ten unha postura favorable cara ó potenciamento da lingua galega, tanto no ensino como en xeral.

En relación coa influencia exercida polo castelán sobre o galego comprobamos que é nas xeracións máis novas onde esta influencia do español resulta máis evidente, e isto fai que nos vexamos obrigados a busca-la enxebreza da lingua na fala dos vellos. Temos que ter presente, sen embargo, un feito importante, o galego, igual có resto das linguas, non conforma unha estrutura ríxida, cambia, evoluciona, e nesta posta ó día da lingua caracterizada pola denominación de obxectos novos, ou pola creación de xergas novas, por indicar unha mostra, desempeñan os novos un papel máis destacado cóos vellos. O grave deste proceso de renovación é se se leva a cabo partindo sempre dunha lingua “a”, o castelán. Pensamos que primeiramente hai que botar man dos recursos que ofrece o galego e só nun segundo

---

<sup>9</sup> Con todo, hai que deixa-lo camiño aberto a aqueles estudiosos que opinan que se ben os falantes de linguas minoritarias amosan, en moitos aspectos, unha actitude negativa cara á súa propia lingua, isto non implica que non a teñan en consideración. Cfr. Appel e Muysken (1996: 35).

momento recorrer a outras linguas. O tempo dirá se os mozos somos quen de minguar ou non os efectos da presión exercida polo castelán.

### **Bibliografía**

- Álvarez Blanco, R., X.L. Regueira Fernández, H. Monteagudo Romero (1989), *Gramática Galega*, Vigo, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Galaxia.
- Appel, R., P. Muysken (1996), *Bilingüismo y contacto de lenguas*, Barcelona, Ariel.
- De Torres Luna, M.P., A. Pazo Labrador (1994), *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, Santiado de Compostela, Universidade de Santiago.
- Fernández Rei, F. (1979), *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, Tese de doutoramento inédita, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Fernández Salgado, B., X.A. Fernández Salgado, M. Puga Moruxa, X.C. Sousa Fernández (1991), *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- Hagège, C., *La estructura de las lenguas*, Madrid, Gredos.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, ILG / RAG.
- Instituto Galego de Estatística (1993), *Galicia en cifras, Anuario 1992*, Santiago, Consellería de Economía e Facenda.
- Real Academia Galega (1996), *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Seminario de Sociolingüística.
- Santamarina, A. (1974), *El verbo gallego*, Anexo 4 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.
- Soto Andión, X. (1995), *Estudio lingüístico do galego da Terra de Montes*, memoria de licenciatura inédita, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Taboada Cid, M. (1979), *El habla del valle de Verín*, Anexo 15 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.
- Vidal Meixón, A. (1994), *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade)*, memoria de licenciatura inédita, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Weinreich, U. (1974), *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*, Caracas, Universidad Central de Venezuela.
- Xove, X. (1992), “O verbo”, *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, Vol. 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 119-70.